

A Disposición transitoria primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, na súa redacción dada pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sinala que *“Con independencia da lei que se aplique ao procedemento, resultarán aplicables as previsións sobre cambios de titularidade reguladas no artigo 41.3 desta lei.”*

O artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, establece respecto dos cambios de titularidade que *“ (...) Aprobado o acordo de reestruturación, nos casos de negocios xurídicos de transmisión da propiedade, tramitaráanse os cambios de titularidade das fincas de reemprazo que se presenten antes da data límite que se determine mediante resolución da dirección xeral competente en materia de reestruturación parcelaria, a proposta do servizo provincial correspondente, e sempre e cando se trate de fincas íntegras, con excepción dos cambios derivados de sentenzas xudiciais firmes, que serán tramitados sempre. (...)*

No caso de falecemento da persoa titular e cando exista partición de herdanza, procederáse á tramitación do cambio de titularidade que se presente ata a data límite sinalada no párrafo anterior, e sempre e cando esta partición afecte a parcelas de reemprazo íntegras. En todo caso a persoa titular adquirente quedará subrogada na posición da anterior persoa titular, coas limitacións, deberes e obrigas que resulten do proceso.”

O Acordo de concentración parcelaria da zona de **ESTÁS – GOIÁN – FIGUEIRÓ (TOMIÑO – PONTEVEDRA)** foi aprobado con data 27 de novembro de 2006, e dada a situación do proceso da dita zona, propónse por parte do Servizo Provincial de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, como data límite para a tramitación de cambios de titularidade por negocios xurídicos de transmisión da propiedade e por falecemento, o **30 de abril de 2024**.

Vistas a *Ley de Reforma y Desarrollo Agrario, de 12 de enero de 1973*, a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, a Lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e demais disposicións vixentes de aplicación ao caso,

Esta Dirección Xeral, a proposta do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Pontevedra, **RESOLVE** establecer o **30 de abril de 2024** como data límite aos efectos previsto no artigo 41.3 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, para a tramitación de cambios de titularidade por negocios xurídicos de transmisión da propiedade e por falecemento na zona de concentración parcelaria de Estás – Goián – Figueiró (Tomiño – Pontevedra).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
A directora xeral de Desenvolvemento Rural
Inés Santé Riveira

